

Interpretación textolingüística de fraseoloxismos quixotescos¹

Alberto Zuluaga Ospina²

Universität Tübingen

Á prof.^a Dra. Blanca Ochoa de Molina, en memoria das nosas deliciosas conversas na súa residencia de Bogotá

Unha análise textual satisfactoria debería relacionar cada procedemento e cada parte do texto co conxunto do mesmo e cos seus contextos. No presente traballo, levarei a cabo unha análise das frases fixas e refráns (unidades fraseolóxicas) presentes no Quixote. Demostrarase que esas unidades, debido ás súas propiedades estruturais e ás súas posibilidades de combinación, poderán desempeñar múltiples funcións semántico-estilísticas e composiciónais, o que supón unha contribución moi importante para entende-la novela.

Palabras clave: fraseoloxía, fraseografía, o Quixote.

A satisfying textual analysis should put each procedure and each part of the text in relationship to the whole text and its contexts. In this essay I undertake such an analysis of idioms and proverbs (phraseological units) in *El Quijote*. It will be shown that these units, due to their structural properties and combinatorial possibilities, fulfill numerous semantic-stylistic but also compositional functions, which provides a critical contribution to the understanding of this novel.

Key words: Phraseology, Phraseography, the Quixote.

No seu interesante *Análisis del último capítulo del Quijote*, ó chegar a este parágrafo que cito a continuación, Jorge Luis Borges (1956) comenta, un tanto desconcertado e

¹ No presente texto retomo, en parte, a conferencia que dei na Universität Münster, Alemaña, no XXIV Congreso de Romanistas, en 1995 (Zuluaga 1997); e retomo, tamén en parte, outra conferencia que dei na Universidade de Santiago de Compostela o 1 de decembro de 2004 titulada *Traducciones al alemán del Quijote*; ademais dunha conversa verbo desta novela que tivo lugar dous días máis tarde no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, con Xesús Ferro Ruibal e o seu grupo de investigadores.

² Tradución de Ana García Lozano.

candoroso: “Algo inanalizable hay aquí: la entonación, la negligente música de Cervantes”:

1. *-Así es -dijo Sansón-, y el buen Sancho Panza está muy en la verdad destes casos. -Señores -dijo don Quijote-, vámonos poco a poco, pues ya en los nidos de antaño no hay pájaros hogaño.*

Ora ben, unha análise detida permítenos revelar, facer explícita, toda unha serie de funcións semántico-estilísticas e estruturantes (ou de composición) cumpridas polo adaxio *En los nidos de antaño no hay pájaros hogaño*, tanto no co-texto (contexto verbal) inmediato, o último diálogo do derradeiro capítulo, como no mediato, toda a novela:

Ese adaxio atópase rexistrado no *Refranero español* (Barros 1968⁷) cun breve comentario: “se dice para lamentar el pasado”. Coll i Vehí (1874: 149), pola contra, infórmanos de que a academia do seu tempo o interpreta como advertencia de non desatende-la fortuna, xa que non é obvio tela cando se precisa; e ese é o sentido no que normalmente se emprega. Con todo, Cervantes –observa Coll i Vehí– emprégao para indica-la fugacidade das cousas. Iso permítame apuntar que Cervantes o utiliza para dicirnos, coa firme resignación de Alonso Quixano o Bo nos seus últimos momentos, que o mundo dos libros de cabalería e das novelas pastorís pertence ó pasado e que, polo tanto, sería ilusorio, unha tolería quixotesca, pretender volver vivir ancorado neles. Servir, pois, de formulación a esta conclusión xeneralizadora ó final da novela é o que constitúe nela a función estruturante do adaxio *En los nidos de antaño no hay pájaros hogaño*. Con el, Cervantes despídese do pasado representado e, se cadra, invita ós seus lectores a face-lo mesmo. O sentido do refrán proxéctase retrospectivamente a toda a obra³. Por outra banda, grazas tamén ó seu sentido, ‘o pasado é pasado’, o adaxio cumpre, en relación co seu cotexto inmediato –o diálogo final–, as funcións (pragmáticas) de réplica e argumentación de Alonso Quixano contra as necidades de Sancho Panza e Sansón Carrasco, que lle insistían a Don Quixote que non se deixase morrer, que se animase, que se erguese e saíse con eles a facer vida pastoril.

Non sobra mencionar, ademais, outras funcións propias deste refrán –e doutros numerosos refráns, minitextos e segmentos de texto xa feitos e dispoñibles no lexicón mental dos falantes (e escritores) para a comunicación (Zuluaga 1997: 360-640)–: (A) a función **fraseolóxica** (ou, segundo o caso, paremiolóxica), consistente en dicir algo mediante unha construción xa feita e coñecida, que é garantía de comunicabilidade; co adaxio, Cervantes pon a súa mensaxe “ó alcance de todos”, incluídos os do horizonte mental de Sancho Panza e Sansón Carrasco. (B) A función **connotativa** ou evocativa –no noso caso, do ambiente rural–. (C) A de **relevo** ou realce, debida ó notorio contraste co cotexto inmediato⁴. (D) A **icónica** ou figurativa, xa que o contido do refrán se

³ Noutro ensaio luminoso, *Magias parciales del Quijote*, Borges (1976: 66) observa que: “El Quijote es menos un antidoto de esas ficciones [as novelas de cabalería e as pastorís] que una secreta despedida nostálgica”.

⁴ A función de relevo non foi considerada á parte en Zuluaga 1997b. Jean Paulhan (1913-1927) en *L’expérience du proverbe* sinalaa para o uso de refráns no discurso nos seguintes termos: “Le proverbe

presenta mediante unha imaxe, o que reforza considerablemente a percepción e outros procesos cognitivos (Häcki-Buhofer 1989). (E) A **lúdico-poética**, baseada, entre outras cousas, na metáfora, no ritmo (“a negligente música de Cervantes”) e a rima (no noso caso, a rima *antaño-hogaño* resulta particularmente eficaz, porque asocia e contrapón, ó mesmo tempo, pasado e presente). Grazas a estas funcións –especialmente a de relevo, a connotativa, a icónica e a lúdico-poética– o refrán, axeitadamente empregado, presenta un enorme poder expresivo e, por conseguinte, especial eficacia cognitiva, pois non é unicamente a visualización o que apoia os procesos de percepción, comprensión, aprendizaxe e memorización, senón tamén os contrastes, as alusións e os xogos sonoros.

A análise anterior, motivada pola citada perplexidade de Borges, levoume a incorrer no exame do funcionamento de numerosos refráns, sentenzas e locucións proverbiais no Quixote –que, simplificando, chamo unidades fraseolóxicas (UF)– co mesmo método aplicado nesa análise anterior (o de considerar cada UF nas súas relacións cos cotextos inmediato e mediato e, eventualmente, tamén nas súas relacións cos outros contextos histórico-culturais da obra e do autor). A teoría subxacente é a de *lingüística de texto*, desenvolvida e presentada na Universität Tübingen por Eugenio Coseriu (1980)⁵, quen consideraba, cos formalistas, que é precisamente no texto literario onde o signo lingüístico pode despreñar tódalas súas numerosas e, ás veces, complexas posibilidades funcionais. Coseriu sistematizou maxistralmente todas esas posibles relacións textuais e contextuais e, ademais, situou a súa teoría textolingüística en perspectiva histórica, é dicir, en relación coa retórica e a estilística, por unha banda, e coa lingüística xeral e coa teoría da linguaxe pola outra. (Non está de máis anotar expresamente, para evitar posibles ambivalencias, que *O Quixote* quere designa-la obra, o texto mesmo, mentres que *Don Quixote* designa o personaxe e que, para a análise levada a cabo, se considera como un só texto ambos libros: o primeiro, publicado en 1605, e mailo segundo en 1615).

Nunha conversa de Don Quixote coa ama e a sobriña na súa casa, despois da primeira saída, el anuncia que desexa derrotar nun combate singular a un cabaleiro favorecido polo encantador Frestón, que fixo desaparece-la súa biblioteca (a de Don Quixote). Daquela, a sobriña preguntalle:

2. [...] *Pero ¿quién le mete a vuestra Merced, señor tío, en esas pendencias? ¿No será mejor estarse pacífico en su casa y no irse por el mundo a buscar pan de trastrigo, sin considerar que muchos van por lana y vuelven tresquilados?* (Libro I, cap. VII).

As UF *buscar pan de trastrigo*, “pretender algo irrazonable o ponerse, con poca cordura, en ocasión de sufrir un daño” (Moliner 1970) e *ir por lana y volver tresquilado*, “pensar en un logro y conseguir un fracaso” (Rico 1998), pertencen ó mesmo campo conceptual; podémolas analizar xuntas: describen ou, mellor, comentan, de forma moi concisa a

m'apparaissait tout d'abord [...] comme une phrase, en soi claire ou obscure, mais en tout cas détachée du cours général de la conversation”. Subliñado meu.

⁵ A terceira edición (1994³) foi revisada e ampliada por un dos meus alumnos, Jörn Albrecht. Véxanse, ademais, Aschenberg (1999) e Brinker (1992³).

estrutura da acción de toda a novela. Cumpren unha función clave na constitución do sentido (dun dos sentidos) do texto. Refírense, retrospectivamente, á primeira saída de Don Quixote e, prospectivamente, en forma de mención anticipatoria⁶, á súa segunda e terceira saídas. Don Quixote sae da casa na busca de aventuras, triunfos, gloria... e regresa, a primeira vez, mallado e maltreito; a segunda vez, encerrado nun montón de herba nun carro tirado por bois; e a terceira vez, derrotado definitivamente para morrer de “melancolías e disgustos”⁷. Efectivamente, buscou líos, foi por la e volveu tosquiado. Así, dunha forma sinxela e concisa (función fraseolóxica), cunha imaxe visual dinámica (función icónica), coméntase (función semántico-estilística) e dáselle expresión á trama da novela (función estruturante). A forma de pregunta nesta pasaxe (2) disfrazada escasamente o valor (pragmático) de suxestión ou tímida petición (función apelativa exhortativa) dirixida pola sobriña ó tío.

O valor semántico-estilístico das UF na pasaxe citada (2) pode facerse aínda máis claro se temos en conta que unha interpretación corrente do Quixote a considera como a historia dun fracaso. Heinrich Heine di que “Cervantes escribió la mejor sátira contra el entusiasmo humano”. Feodor Dostoevsky dicía que o Quixote “es el más triste de todos los libros”⁸. Citemos amplamente a Carlos Fuentes (1983: 81-82) –quen, hai que dicilo, segue de preto a Américo Castro (1925)–:

El Quijote es la primera novela de la desilusión [...] la narración de una aventura de la desilusión y la pérdida [...] quizás por esto, el Quijote es la más española de todas las novelas. Su esencia poética es definida por la pérdida... una triste conciencia de todo lo que pudo haber sido y nunca fue, y, [...]

Segundo estas drásticas observacións de Carlos Fuentes, válidas, se cadra, ata moi avanzado o século XX, Don Quixote é case impensable no contexto da España actual do século XXI. Volverei sobre isto máis adiante.

3. Aquella noche quemó y abrasó el ama cuantos libros había en el corral y en toda la casa, y tales debieron de arder que merecían guardarse en perpetuos archivos; mas no lo permitió su suerte y la pereza del escrutinador, y así, se cumplió en ellos el refrán de que pagan a las veces justos por pecadores (Libro I, Cap. VII).

A UF *pagar justos por pecadores*, empregada polo narrador da primeira saída de Don Quixote, cumpre nesta pasaxe (3) a función de comentario feito polo narrador, o cal se fai evidente xa na fórmula metalingüística introdutoria “así se cumplió en ellos el refrán”. A UF está empregada de forma desautomatizada⁹, alterada, xa que normalmente

⁶ Véxase Kayse (1976). Hoxe dise tamén “remisión a información ulterior” (*Verweis auf Nachinformation*), Gülich e Raible (1977).

⁷ Nota da tradutora: tódalas referencias en galego proceden da tradución de Valentín Arias et alii. (1992): *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha*.

⁸ V. Coleridge, Heine, Hazlitt, Turgueniev, Dostoevsky (1986): *CERVANTES*. Colección Cuadernos Literarios. Ed. Facsimil de José Esteban, Madrid.

⁹ Utilizo o concepto desautomatización (V., p. ex., Zuluaga 1975 e especialmente 2001), tomado da teoría da literatura dos formalistas rusos: liberación da linguaxe dos seus automatismos (*Herausführung der Sprache aus ihren Automatismen*, _klovskij 1919; ...*la pratique littéraire comme exploration et découverte des possibilités du langage; [...] comme dynamisme qui brise l'inertie des habitudes...*, Kristeva 1969), cit. por

non se di de cousas, como libros, senón de persoas. Grazas a este procedemento de desautomatización, o refrán (3) *Pagan justos por pecadores* alude, indirecta pero claramente, a un aspecto do contexto histórico-cultural da novela: o réxime de represión e de terror da época, a queima de libros faille pensar ó lector, tamén, na queima de persoas practicada daquela por condenas da Inquisición.

4. *De todo lo que he dicho has de inferir, Sancho, que es menester hacer diferencia de amo a mozo, de señor a criado y de caballero a escudero. Así que, desde hoy en adelante, nos hemos de tratar con más respeto, sin darnos cordelejo, porque de cualquier manera que yo me enoje con vos, ha de ser mal para el cántaro* (Libro I, cap. XX).

Nesta pasaxe, o refrán *Tanto va el cántaro a la fuente que al fin se rompe*, atópase levemente aludido. Ó respecto, Andrés Murillo comenta na súa edición do Quixote, citando a Covarrubias:

Hay algunos proverbios del cántaro: 'si la piedra da en el cántaro, mal para el cántaro, y si el cántaro da en la piedra, también se quiebra en ella; no es bueno tener contienda con los poderosos, que son piedras duras, y los pobres barro delgado y mal cocido, Covarrubias 289.b. 25'. Desde luego, Sancho es el más débil..., el cántaro.

Cervantes utiliza, polo tanto, a imaxe contida nesta UF (4) para caracteriza-la relación de poder inicial entre o amo e o escudeiro. Isto observámolo de novo, máis adiante, despois da escena dos mocazos que Don Quixote lle propina a Sancho por blasfemar este contra Dulcinea, a súa señora:

4a. *Con todo eso –dijo Don Quijote–, mira, Sancho, lo que hablas; porque tantas veces va el cantarillo a la fuente..., [sic] y no te digo más* (Libro I, cap. XXX).

5. *Este mi amo, por mil señales, he visto que es un loco de atar, y aun también yo no le quedo en zaga, pues soy más mentecato que él, pues le sigo y sirvo, si es verdadero el refrán que dice: "Dime con quien andas, decirte he quien eres", y el otro de "No con quien naces, sino con quien paces"* (Libro II, cap. X).

[...] *y soy quien la [la insula] merece como otro cualquiera; soy quien "júntate a los buenos y serás uno de ellos", y soy de aquellos "no con quien naces, sino con quien paces", y de los "quien a buen árbol se arrima, buena sombra le cobija". Yo me he arrimado a buen señor, y ha muchos meses que ando en su compañía, y he de ser otro como él [...]* (Libro II, cap. XXXII).

As UF (refróns) de (5) *Dime con quien andas y te diré quien eres; No con quien naces, sino con quien paces; Júntate a los buenos y serás uno de ellos; Quien a buen árbol se*

Zuluaga (1975). En procedementos de desautomatización e de combinación de diferentes niveis de linguaxe, Cervantes foi maxistral. É interesante, ademais, observar que na psicolingüística e na psicoloxía cognitiva se adoita, cando se trata de automatismos lingüísticos, ocuparse de expresións fixas, é dicir, UF, segundo Häcki-Buhofer (1982). As dúas consideracións anteriores xustifican o emprego do concepto e do termo *desautomatización*.

arrima, buena sombra le cobija son lemas, principios reitores do comportamento de Sancho Panza; el preséntase a través deles, coma se constituísen a súa identidade. Dito doutro xeito, os refráns de (5) cumpren na novela, ente outras, a función de caracterización do personaxe.

O desenvolvemento da personalidade de Sancho xa foi denominado por moitos cervantistas (p. ex. Alonso 1950, Sletsjöe 1961) como “quixotización de Sancho”, e definiuse, repetidamente, como a perda intermitente do sentido da realidade: “Lo que le define es estar oscilando, pasando constantemente de un plano a otro, de la ilusión a la realidad desilusionada” (Alonso 1950: 62). A esta definición hai que engadirlle que a quixotización de Sancho implica outros aspectos moi importantes, entre os que quero salientar: falar como o amo, criticalo á cara con bos argumentos, acentua-la fidelidade ós propios principios así como a convicción da súa propia dignidade e da súa liberdade persoal. Citemos:

Pues lo mesmo -dijo Don Quijote- acontece en la comedia y trato de este mundo, donde unos hacen los emperadores, otros los pontífices, y, finalmente, todas cuantas figuras se pueden introducir en una comedia; pero en llegando al fin, que es cuando se acaba la vida, a todos les quita la muerte las ropas que los diferenciaban, y quedan iguales en la sepultura.

-Brava comparación -dijo Sancho-, aunque no tan nueva que yo no la haya oído muchas y diversas veces, como aquella del juego del ajedrez, que mientras dura el juego, cada pieza tiene su particular oficio, y en acabándose el juego, todas se mezclan juntan y barajan, y dan con ellas en una bolsa, que es como dar con la vida en la sepultura.

-Cada día, Sancho -dijo Don Quijote-, te vas haciendo menos simple y más discreto.

-Sí, que algo se me ha de pegar de la discreción de vuestra merced -respondió Sancho- [...] (Libro II, cap. XII). O subliñado é meu.

E contra o final da novela, despois dun elocuente discurso de Sancho sobre as bondades do sono:

Nunca te he oído hablar, Sancho -dijo Don Quijote-, tan elegantemente como ahora; por donde vengo a conocer ser verdad el refrán que tú algunas veces sueles decir: “no con quien naces, sino con quien paces” (Libro II, cap. LXVIII).

6 -¿Qué es esto? ¿Quién me toca y desencinta?

-Yo soy -respondió Don Quijote-, que vengo a suplir tus faltas y a remediar mis trabajos: véngote a azotar, Sancho, y a descargar en parte la deuda a que te obligaste... Y, así, procuraba y pugnaba por desenlazarle; viendo lo cual Sancho Panza, se puso en pie, y arremetiendo a su amo, se abrazó con él a brazo partido y, echándole una zancadilla, dio con él en el suelo boca arriba, púsole la rodilla derecha sobre el pecho y con las manos le tenía las manos de modo que ni le dejaba rodear ni alentar. Don Quijote le decía:

-¿Cómo, traidor? ¿Contra tu amo y señor natural te desmandas? ¿Con quien te da su pan te atreves?

-Ni quito rey ni pongo rey –respondió Sancho–, sino ayúdome a mí, que soy mi señor (Libro II, cap. LX). O subliñado é meu.

Na cita anterior, a UF (frase proverbial) orixinaria completa reza: *Ni quito ni pongo rey, mas ayudo a mi señor*¹⁰. No diálogo citado (cotexto inmediato), Cervantes emprégaa cunha notoria desautomatización (“[...] ayúdome a mí que soy mi señor”) que acrecenta fortemente a súa eficacia expresiva e cognitiva; aquí cumpre a función de réplica contundente de Sancho á agresión do seu amo; e no cotexto de toda a novela, constitúe un punto culminante no proceso de coñecemento e conciencia de si mesmo, de astuta emancipación persoal e de afirmación da propia dignidade do campesiño escudeiro. Pero aínda queredría dicir algo máis sobre este personaxe:

7. *Yo quiero saber lo que gano, poco o mucho que sea, que sobre un huevo pone la gallina, y muchos pocos hacen un mucho, y mientras se gana algo no se pierde nada* (Libro II, cap. VII).

As UF desta pasaxe, as citadas anteriormente en (5) e (6), e moitas outras, como *Cuando te dieran la vaquilla, corre con la soguilla* (que Sancho emprega tres veces), *Cuando viene el bien, mételo en tu casa*; *Más vale un toma que dos te daré*, *Más vale pájaro en mano que buitres volando*, expresan o trazo máis acentuado do campesiño escudeiro: o seu sentido común, a súa boa disposición para aproveita-las oportunidades, o seu espírito de cálculo no manexo da realidade cotiá, o seu interese por se lucrar e gañar diñeiro. Observámolo tanto no seu discurso como no seu comportamento e ten sido destacado pola crítica cervantista tradicional. O espírito de cálculo considérase como unha manifestación da racionalidade moderna; a paixón polo diñeiro, característica de Sancho (“De aquí a pocos días me partiré al gobierno, adonde voy con el grandísimo deseo de hacer dineros, [...]” (Libro II, cap. XXXVI); “Dineros traigo, que es lo que importa, ganados por mi industria, y sin daño de nadie” (Libro II, cap. LXXIII)), foi interpretada por Maravall (1976) como un signo da época moderna. Max Aub (1974) sinala que pola súa percepción da realidade, o seu sentido común, pola afirmación da súa liberdade, Sancho Panza representa a orientación cara ó futuro, cara á modernidade, e por iso sobrevive.

Neste punto fáiseme imposible non citar, polo menos en parte, o comentario ó respecto, lúcido e entusiasta, que fixera Victor Hugo (1864: 84 e segs.):

L'avènement du bon sens est le grand fait de Cervantes [...] Le bon sens n'est pas la sagesse, et n'est pas la raison; Il est un peu l'une et un peu l'autre, avec une nuance d'égoïsme [...] le bon sens n'est pas une vertu; il est l'œil de l'intérêt; [...] mais en présence des monarchies égoïstes et féroces entraînant les pauvres peuples dans leurs guerres à elles, décimant les familles, désolant les mères, et poussant les hommes à s'entretuer avec tous ces grands mots, honneur militaire,

¹⁰ Enrique de Cárcer y de Sobies (1916) rexistra soamente *Ni quito ni pongo rey* e di: “Frase proverbial que suele emplear el que se exime de tomar parte activa en la decisión de un negocio”.

gloire guerrière, obéissance à la consigne, etc., c'est un admirable personnage que le bon sens survenant tout à coup et criant au genre humain: songe à ta peau.

Con Sancho Panza, polo tanto, Cervantes sinalalles ós seus lectores e ós que escoitaban a súa lectura, un proceso de liberación realista e convincente. Sinalalles valores de modernidade. E, como observou A. Castro (1925: 193), Cervantes dignifica o popular nunha época na que era arrogantemente desprezado. Por iso, non podemos aceptar, sen garantías, a citada drástica afirmación de Carlos Fuentes de que o Quixote é “la novela del fracaso y la desilusión. Y, quizá por esto la más española de todas las novelas”. É tamén, entre outras moitas cousas, a novela dun proceso gradual de emancipación práctica moi intelixente. Por iso, para a orgullosa España actual, progresista e efectivamente integrada na modernidade europea, Don Quixote non é o ideal nin o seu símbolo, senón que o é un Sancho urbanizado. Menciono un entre varios testemuños dos que dispoño:

*El ideal en esta vida es Sancho Panza sin estar gordo. [...] Don Quijote es un puro flato que bascula entre el idealismo y la mala leche, entre las princesas inasequibles y el onanismo; en cambio Sancho está lleno de sabiduría adquirida en las ventas [...] La historia de España, la conquista de América y las letras castellanas habrían sido mejores si el ejemplo hubiera sido un Sancho Panza lleno de ironía, pragmatismo y apego a los placeres, y no ese lunático anclado en otra época. [...] qué gran tipo sería hoy Sancho Panza si además de las virtudes que lo adornan fuera flaco, [...] (Vicent, M. “Quijote” en *El País*, Madrid, 16/04/2000).*

8. *Pero yo [...] no quiero irme con la corriente al uso, ni suplicarte..., lector carísimo, que perdones o disimules las faltas que en este mi hijo vieres, y ni eres su pariente ni su amigo, y tienes tu alma en el cuerpo y tu libre albedrío como el más pintado, y estás en tu casa, donde eres el señor de ella como el rey de sus alcabalas, y sabes lo que comúnmente se dice, que debajo de mi manto al rey mato. Todo lo cual te esenta y hace libre de todo respeto y obligación, y así, puedes decir de la historia todo aquello que te pareciere, sin temor de que te calunien por el mal ni te premien por el bien que dijeres della (Libro I, Prólogo).*

O comentario “sabes lo que comúnmente se dice”, como case tódolos demais procedementos metalingüísticos e gráficos cos que se presentan as UF no texto¹¹, dá relevo ó refrán *Debajo de mi manto al rey mato*, e alude ós seus trazos esenciais: carácter de cita, lugar común –no sentido de que pertence á comunidade, é dicir, está institucionalizado–, así como á súa función de argumentación baseada na autoridade do saber colectivo.

Este refrán (8) presenta algunhas variantes, *Debajo de mi manto al rey me mato*, *Debajo de mi manto al rey mando*, e un sinónimo, *Cada uno en su casa es rey*, indicados por Gonzalo Correas (1634); o seu significado reza: “en su hogar y en su fuero interno, cada cual es absolutamente libre, puede hacer su voluntad sin cortapisas ni trabas”. A

¹¹ Sobre estes procedementos no Quixote, véxase Zuluaga (1997).

definición de Enrique de Cárcer y de Sobies (1916) impresiona polo sinxela e certa: “Ref. con que se da a entender que cada uno es dueño de pensar para sus adentros lo que quiera”. Unha tradución alemá, *Die Gedanken sind frei* ‘Os pensamentos son libres’, parécese especialmente certa, entre outras cousas, polas súas connotacións históricas e políticas. Co primeiro refrán que emprega o Quixote, Cervantes invita ó lector (función apelativa-exhortativa) a facer uso da súa liberdade de conciencia e da súa propia vontade; invítalo a facer unha lectura libre de imposicións externas e a xulga-lo libro con independencia de criterio.

9. [...] *no hay más sino hacer, de manera que venga a pelo, algunas sentencias o latines que vos sepáis de memoria, o, al menos, que os cuesten poco trabajo el buscallo, como será poner, tratando de libertad y cautiverio:*

“*Non bene pro toto libertas venditur auro*”

Y, luego, en el margen, citar a Horacio, o a quien lo dijo (Libro I, Prólogo).

Tamén se refire ó tema da liberdade a segunda UF que atopamos no Quixote: a sentenza de Walter (Gualterus) Anglicus “á liberdade non se pode renunciar nin por todo o ouro do mundo”, presentada nas edicións que coñecemos con letra cursiva e con notables espazos verticais e horizontais, que lle confiren o efecto óptico dun título. Os títulos expresan temas. E, en realidade, hai que dicir que as dúas primeiras UF do Quixote, (8) e (9), chaman a atención sobre un dos seus temas, se cadra o máis importante de todo o texto, xa que se pode dicir que a liberdade constitúe o núcleo do contido no texto¹². Chegaba co simple procedemento de análise das recorrencias para indicar innumerables pasaxes, episodios, secuencias e discursos referentes ó tema da liberdade. Menciono algunhas como exemplo para mostra-lo alcance, a función estruturante e as funcións semántico-estilísticas das dúas primeiras UF (9) no contexto de toda a novela:

(A) Libro I: no cap. IV, Don Quixote **libera** un adolescente no que mallaba cruelmente un robusto campesiño mentres estaba atado a unha árbore. O heroe entende esta e outras tarefas similares como o **ejercicio da súa profesión**. (B) No cap. VII, Don Quixote esíxelles a dous monxes xinetes á fronte dun coche cunhas damas, que el pensa que levan prisioneiras, que as deixen en **liberdade**. A unha delas preséntaselle como liberador e pídelle que lle dea noticia da liberación a Dulcinea do Toboso. (C) No cap. XXII, don Quixote **libera** a doce galeotes mediante unha loita moi arriscada contra o comisario e os gardas despois dun soberbio discurso no que, entre outras cousas, lles advirte que “me parece duro caso hacer esclavos a los que Dios y naturaleza hizo libres” (subliñado meu). (D) No cap. XXV atopamos unha defensa moi convincente da **liberdade do amor** e da **liberdade e autonomía da imaxinación poética**. Esta debe ser tan **libre** que non debe someterse sequera ó control da realidade. Don Quixote equipárase ós poetas e esixe liberdade absoluta para a súa creación¹³:

¹² “Das Thema ist der Kern des Textinhalts” (‘o tema é o núcleo do contido dun texto’), Brinker (1992: 55)

¹³ V. Carlos Fuentes 1976 e especialmente Leo Spitzer (1948: 264-265), que chega a falar de [...] “glorification of the freedom of the artist”, no Quixote e de que “It is a historical miracle that, in the Spain of the

[...] *que no todos los poetas que [alaban] damas debajo de un nombre que ellos a su albedrío [subliñado meu] les ponen, es verdad que las tienen. No, por cierto, sino que las más se las fingen, por dar sujeto a sus versos, y por que los tengan por enamorados y por hombres que tienen valor para serlo. Y así, bástame a mí pensar y creer que la buena Aldonza Lorenzo es hermosa y honesta; [...] yo imagino que todo lo que digo es así, sin que sobre ni falte nada, y píntola en mi imaginación como la deseo, así en la belleza como en la principalidad [...].*

(E) Tamén no longo relato do cativo e a bela mourisca Zoraida trátase da **recuperación da liberdade** perdida. (F) No cap. LII, o episodio dos disciplinantes, Don Quixote intenta liberar unha imaxe da Virxe María, a quen “aqueles cobardes e descomedidos malandríns” levaban pola forza, en procesión, pedíndolle que fixese chover. (G) Do libro II, cap. LVIII, quedo contento con menciona-lo fermoso **discurso sobre a liberdade**, pronunciado polo heroe despois de abandona-lo castelo dos duques:

La libertad, Sancho, es uno de los más preciosos dones que a los hombres dieron los cielos, con ella no pueden igualarse los tesoros que encierra la tierra ni el mar encubre [obsérvese que aquí se recorre, de novo, no texto, á máxima (9) Nihil pro toto libertas venditur auro]; por la libertad, así como por la honra, se puede y debe aventurar la vida [...].

Por último (H), no Libro II, cap. LIV, no encontro de Sancho e Ricote –o mourisco que sufrira a expulsión–, destácase a **liberdade de conciencia** na Alemaña daquela época:

[...] y llegué a Alemania, y allí me pareció que podía vivir con más libertad, porque sus habitantes no miran en muchas delicadezas: cada uno vive como quiere, porque en la mayor parte de ella se vive con libertad de conciencia.

O propósito aparente de Miguel de Cervantes era unha invectiva contra os libros de cabalería, mais o resultado foi un grandioso “poema á liberdade”¹⁴. Esta debeu ser unha obsesión moi fonda na súa vida: pasou cinco anos cativo en Alxer, estivo preso máis dunha vez no seu propio país, foi excomungado por párrocos andaluces, coñecía a censura da Contrarreforma, coñecía a persecución sufrida polos xudeus e mouros, e coñecía o réxime de terror da Inquisición na España do seu tempo. Todos estes feitos constitúen os contextos histórico-culturais da súa obra¹⁵.

Desde logo, numerosos estudosos de Cervantes destacaron claramente o tema da liberdade no Quixote. Gustárame citar aquí, pola súa orixinalidade e densidade, o estudo de Angel Rosenblat (1971: 358):

Counter-Reformation, [...], an artist should have arisen who, [...], was to give us a narrative which is simply one exaltation of independent mind of man -and of a particularly powerful type of man: of the artist”.

¹⁴ Nun breve esbozo do estudo do Quixote, retomando as análises e as conclusións de Spitzer (1948), Coseriu (1980) fai a seguinte declaración: “Ich glaube behaupten zu dürfen, daß der Don Quijote ein Gedicht über die Freiheit ist, daß die Freiheit das eigentliche Thema dieses Romans ist” (Creo poder afirmar que o Quixote é un poema sobre a liberdade, que a liberdade é o verdadeiro tema desta novela).

¹⁵ Quixera apropiarme das seguintes palabras coas que Borges comeza o seu erudito e esclarecedor ensaio de 1960: “Es verosímil que estas observaciones hayan sido enunciadas alguna vez y, quizá muchas veces; la discusión de su novedad me interesa menos que la de su posible verdad”.

A través de toda la obra hay una constante seducción, o adoración, de la belleza. E igualmente, sin ambivalencias ni reservas, la exaltación de la libertad [...]. Todo en El Quijote tiene validez relativa, pero belleza y libertad son para él valores absolutos [...].

Así como tamén me gustaría facer referencia ó xa mencionado varias veces de Leo Spitzer (1948). Este mestre analizou algúns procedementos estilísticos, como a inestabilidade dos nomes, a polionomasia, a variedade das explicacións etimolóxicas populares, os xogos de palabras, a ruptura [desautomatización] de fórmulas, e interpretounos como afirmación da liberdade do artista: *The artist Cervantes uses linguistic perspectivism in order to assert his own creative freedom* (254). Para Spitzer, o verdadeiro heroe é Cervantes pola súa afirmación deliberada do seu libre albedrío e da liberdade do artista en tempos de represión implacable.

Non está de máis enumerar algunhas inferencias da anterior mostra de análise: (A) son numerosas as posibilidades funcionais das UF na produción de textos: estruturar, comentar, explicar, aludir, exhortar, formular temas, caracterizar personaxes, prefigurar desenvolvementos ulteriores, connotar contextos extratextuais e intertextuais (ou histórico-culturais), etc... (B) As UF son verdadeiros *supersignos*, ofrecen un sorprendente *potencial estratéxico*. (C) As UF, sobre todo os refráns, desempeñan un papel importante na constitución do sentido da obra capital da lingua española. (D) Non só Sancho Panza emprega refráns, tamén o fan Don Quixote e outros personaxes, como os narradores, e nos prólogos, o mesmo Cervantes. (E) O ensaio anterior pode entenderse, coído, como unha demostración empírica da lingüística de texto de cuño coserían, como hermenéutica, da cal, os dous primeiros pasos, os decisivos, consisten en establece-los procedementos empregados para a expresión do sentido, e en entender cada procedemento e cada parte do texto na perspectiva do contexto de toda a obra (como dicía Spitzer 1988: 264) [...] *to put them into relationship with the whole of the novel*), e dos seus contextos histórico-culturais. (F) Esta lingüística de texto non só abarca a estilística senón que se achega, cun método sinxelo, á ciencia literaria, aínda que, desde logo, debe servir para a análise de todo tipo de textos.

Bibliografía

- ALONSO, Dámaso (1950): "Sancho-Quijote, Sancho-Sancho" en SÁNCHEZ CASTAÑER e MENA, F. (ed.): *Homenaje a Cervantes II*. Mediterráneo, Valencia, 53-63.
- ASCHENBERG, Heidi (1999): *Kontexte in Texten. Umfeldtheorie und literarischer Situationsaufbau*. Niemeyer, Tübingen.
- AUB, Max (1974): *Manual de historia de la literatura española*. Akal, Madrid.
- BARROS, Alonso de (1968⁷): *Refranero español 7*. Recopilación explicada y ordenada por J. Bergua. Ediciones Ibéricas, Madrid.
- BORGES, Jorge Luis (1956): "Análisis del último capítulo del Quijote" en *Revista de la Universidad de Buenos Aires I*, 1956, 28-36.
- (1976): *Otras inquisiciones*. Alianza Editorial, Madrid.
- BRINKER, Klaus (1992³): *Linguistische Textanalyse. Eine Einführung in Grundbegriffe und Methoden*. Erich Schmidt Verlag, Berlin.

- CARCER y SOBÍES, Enrique de (1916): *Las frases del Quijote*. Artes Gráficas de Sol y Benet, Lérida.
- CASTRO, Américo (1925): *El pensamiento de Cervantes*. RFE, Anejo VI, Madrid.
- CERVANTES, Miguel de (1605): *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*. e (1615): *El ingenioso caballero Don Quijote de la Mancha*. Edición de L. A. Murillo 1978, Madrid, Castalia. Edición de F. Rico 1998, Barcelona, Crítica. E Edición de F. Rico 1998, Barcelona, Instituto Cervantes, Crítica.
- (1992): *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha*. Xuntanza-Boreal, A Coruña.
- COLERIDGE, S. T. et alii (1986): *CERVANTES*. José Esteban (ed.), Madrid.
- COLL y VEHI, José (1874): *Los refranes del Quijote*. Imp. Diario de Barcelona, Barcelona.
- CORREAS, Gonzalo (1924): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana en que van todos los impresos antes y otra gran copia que juntó el maestro*. Madrid.
- COSERIU, Eugenio (1994³): *Textlinguistik*. Narr, Tübingen.
- FUENTES, Carlos (1976): *Cervantes o la crítica de la lectura*. J. Mortiz, México.
- GÜLICH, E. e RAIBLE, W. (1977): *Linguistische Textmodelle*. Fink, München.
- HÄCKI-BUHOFFER, A. (1982): "Psycholinguistik" en BURGER, H. et alii: *Handbuch der Phraseologie*. De Gruyter, Berlin.
- (1989): "Psycholinguistische Aspekte in der Bildhaftigkeit von Phraseologismen" en GRÉCIANO, G. (ed.): *Europhras 88*. Université des Sciences Humaines, Strasbourg, 165-175.
- HUGO, Victor (1865): *Oeuvres Complètes. Philosophie, Livre II*. Les Génies. Éditions Hetzbe Quantin, 82-86.
- KAYSER, Wolfgang (1976): *Interpretación y análisis de la obra literaria*. Gredos, Madrid.
- MARAVALL, José Antonio (1976): *Utopía y contrautopía en El Quijote*. Pico Sacro, Santiago de Compostela.
- PAULHAN, Jean 1913-1927 (1945): "L'expérience du proverbe" en *Oeuvres Complètes II*. Gallimard, Paris, 101-116.
- ROSENBLAT, Angel (1971): *La lengua del Quijote*. Gredos, Madrid.
- _KLOVSKIJ, Viktor (1919): "Die Kunst als Verfahren" en STEMPEL, W. (ed.). (1969): *Texte der russischen Formalisten I*. Fink, München, 3-36.
- SLETSJÖE, Leif (1961): *Sancho Panza, hombre de bien*. Insula, Madrid.
- SPITZER, Leo (1988): "Linguistic Perspectivism in the Don Quijote" en FORCIONE, K. et alii (ed.): *Leo Spitzer (1887-1960): Representative Essays*. Stanford University Press, Stanford, 225-273.
- ZULUAGA, Alberto (1975): "La fijación fraseológica", en *Thesaurus XXX/2*, 1975, 225-248.
- (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Peter Lang, Frankfurt am Main.
- (1997a): "Sobre funciones de fraseologismos en textos literarios" en *Paremia 6*, 1997, 360-640.

- (1997b): “Verwendungsverfahren und Funktionen phraseologischer Äußerungen in El Quijote” en SABBAN, A. (ed.): *Phraseme im Text*. Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer, Bochum, 237–258.
- (2001): “Análisis y traducción de las UF desautomatizadas” en *PhiN* 16,2001,67–83 (www.fu-berlin.de/phn/phn16/p16t5.htm).